



ASETEM



EMPRESA

As empresas galegas na obriga a medir os niveis de gas radon **P5**

MELIDE

O Outono Cultural trae actividades para todos os públicos **P13**

CULTURA

A Santa Compañía volve saír ás rúas de Melide o 31 de outubro **P20**

ENTREVISTA



Marina Ferreyra, Jacarandá P23

Cerne

O xornal da Terra de Melide

Ano XIX - Nº 224. Outubro 2024. Distribución gratuíta

Asetem participa no deseño do Plan Estratéxico do comercio 2025 - 2030

A Asociación de Empresarios e Empresarias da Terra de Melide participa no deseño do futuro Plan Estratéxico do sector comercial galego do período de 2025 a 2030.

Para tratar esta cuestión, o Director Xeral de Comercio, Gabriel Alén reuniu o pasado 1 de outubro en Expocoruña aos xerentes das asociacións e federacións comerciais, artesanías, praceiros e comerciantes da provincia da Coruña. Na xuntanza, os participantes indicaron as principais necesidades do sector. **P8**



Éxito de participación nas Escolas Deportivas da vila



Un ano máis as Escolas Deportivas e Culturais do Concello de Melide rexistran un masivo volume de inscricións. En total, 842 persoas anotáronse nalgunha das múltiples actividades ofertadas. **P14**

O GDR presenta "Camiños de Auga sobre rodas"



O Grupo de Desenvolvemento Rural Ulla Tambre Mandeo presenta a iniciativa "Camiños de Auga sobre rodas", unha serie de 7 rutas de cicloturismo que percorrerá os 8 municipios do xeodestino. **P21**



ESPOMASA

CTRA MELIDE-TOQUES KM8
L - V 7:00 a 14:00 15:30 a 18:30
SÁBADOS 10:30 a 13:30



N-547, 15800
Furelos, A Coruña
L - S 10:00 a 14:00
16:30 a 20:30



¿CUÁNTAS HISTORIAS GUARDA TU COLCHÓN?

ESCOGE UNO
QUE TE AYUDE
A ESCRIBIR
OTRAS NUEVAS



Tribuna de opinión

A diferenza está na cor de pel da persoa

Este martes saían os resultados dunha enquisa (feita por 40dB) nos que se indica que 3 de cada 4 persoas españolas vinculan a inmigración con conceptos negativos como a inseguridade, a sobrecarga dos servizos públicos ou a conflitividade social. A maiores, por se isto fose pouco, a inmigración preocupa "moito" ao 40,9% da poboación, por encima da crise climática e as guerras.



Imaxe na que se representa a discriminación por mor do racismo. / Foto: iStock

Outro factor interesante que amosa esta sondaxe é o racismo. Ante a pregunta de se terían problemas se os seus fillos ou fillas tiveran unha parella doutro país, as cifras varían dependendo da cor de pel. Se a parella é de países como Alemaña ou Suecia só lle parece mal ao 4,8%, agora ben, se a persoa provén dalgún país do Magreb ou de África Subsahariana a porcentaxe sobe ata o 34% ou 25,7%, respectivamente.

Ademais, a pesares do que parte da cidadanía pensa, só un 5% dos migrantes entran a Espa-

ña en patera. A gran parte faino por outros medios de transporte como o avión.

No tocante á delincuencia, os datos do Instituto Nacional de Estadística indican que en 2022, un 74,19% dos condenados tiñan nacionalidade española, fronte a un 25,81% de estranxeiros.

Discursos xenófobos de determinados partidos políticos e medios de comunicación, os chamados "bulos" e o descoñecemento son boa parte da semente destes datos, dado que a maioría das persoas (o

65,3%) cun trato de proximidade con inmigrantes cre que é positivo ter amigos que sexan migrantes.

Tan complicado é ter un mínimo de empatía con persoas que foxen de guerras ou situacións precarias na busca de novas oportunidades, dunhas condicións de vida dignas? A caso nós non o fariamos?

Todo isto, nun contexto no que se calcula que España necesitará 24 millóns de inmigrantes para manter a relación entre persoas traballadoras e pensionistas.

Editorial

A baixa laboral "flexible"

Xunta Directiva de ASETEM - CCA



Unha típica escena na que se representa unha persoa con gripe. / Foto: iStock

Hai uns días a ministra de Seguridade Social, Elma Saiz, propuxo un cambio das baixas laborais para dar máis "flexibilidade" en algúns supostos nos que a persoa traballadora se incorpora ao seu posto.

Cando un empregado ou empregada está de baixa é porque o persoal sanitario así o considera necesario, a saúde debería ser o único factor que prime nestas situacións. Dito isto, debe ser o persoal sanitario, baixo criterios obxectivos e profesionais, o que decida se unha persoa debe incor-

porarse ou non ao traballo e como facelo.

Como en todos os ámbitos sempre hai persoas, unha minoría, que se aproveitan da situación e pode haber casos nos que se faga un mal uso das baixas laborais ou das incapacidades. As baixas no traballo teñen que estar xustificadas con argumentos sanitarios e obxectivos, así como a Administración debe perseguir aqueles casos nos que non se fai un bo uso deste dereito. Non obstante, un grao de area non debe impedir ver a montaña.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com

Publicación mensual de distribución gratuíta

COORDINACIÓN E REDACCIÓN: Lorena Vidal

EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide

ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)

Telf. e Fax: 981 506 188 **E-mail:** info@asetem.com

COLABORACIÓN: Vanesa de Quinzán, Latexo Logopedía e CEIP de Arcediago

AGRADECIMENTOS: Imprenta Meligraf e Pilar López

IMPRESIÓN: Publicaciones Tameiga S.L.

DEPÓSITO LEGAL: OR / 57 / 84



ASOCIACIÓN DE
MEDIOS EN GALEGO

ÍNDICE

- OPINIÓN.....	2
- EMPRESA.....	3
- COLABORACIÓN.....	10
- MELIDE.....	12
- COMARCA.....	17
- CULTURA E LECER.....	20
- ENTREVISTA.....	23

A iniciativa de Asetem e o Concello "Melide destino. Descubrindo Furelos" trae máis de 60 persoas á vila



Na primeira imaxe algunhas das persoas que participaron na actividade "Melide destino. Descubrindo Furelos". Na segunda, Pilar López e Xosé Igrexas co guía turístico Guido Álvarez. / Fotos: Guido Guía

A iniciativa "Melide destino. Descubrindo Furelos", organizada en conxunto entre a Asociación de Empresarios e Empresarias da Terra de Melide e o Concello, trae máis de 60 persoas á vila para promocionar o municipio como lugar de vacacións e punto destacado de establecementos de proximidade.

A esta cita acudiron persoas de diferentes partes de Galicia e do mundo, como por exemplo: Cas-

troverde, Abegondo, Lugo, Mondariz, Baamonde, Alemaña ou Colombia. Para a gran maioría dos participantes era a súa primeira vez na localidade melidá, a experiencia foi gratamente valorada e afirmaron que "volverían outro día" con máis tempo.

Nesta xornada, este grupo de persoas guiado polo guía turístico Guido Álvarez visitou diversos puntos do concello como: a aldea de Furelos (coincidin-

do co Mercado de Época), parte do Camiño de Santiago, a Praza do Convento e O Castelo, entre outros. A maiores, aproveitaron para coñecer o comercio de proximidade e consumir na hostalería.

Ademais, dentro desta campaña de promoción de Melide, cada participante da iniciativa levou diversos agasallos como unhas bolsas con doces típicos do municipio (ricos, melindres e amendoados), unha

caixiña do comercio "Pre-ñiño de ti" cunhas lambetas e unha bolsa promocional dos establecementos de proximidade. Así mesmo, dende Asetem sorteáronse vales de compra para as participantes que mercaron durante esa xornada nos negocios asociados, unha maneira de afianzar clientela doutros lugares máis alá da nosa comarca e concellos limítrofes.

Unha das maiores vantaxes de "Melide desti-

no. Descubrindo Furelos" é que permitiu atraer xente, que doutro xeito probablemente non viría ao municipio melidense, para descubrir o patrimonio, comercio, hostalería, natureza e cultura da zona. Dende a entidades organizativas desta iniciativa de promoción están satisfeitas co funcionamento e resultado da mesma, dado que visibilizou a localidade e contorna entre persoas de moi diversos puntos da xeografía.

CHINCHES?

Llámanos

698179968 / 986118714

administracion@plagostel.com

Sete comercios participan en "Merca no teu comercio"

MERCA NO TEU COMERCIO

DO 01 AO 20 OUTUBRO

PROVINCIA DE A CORUÑA

mercanoteucomercio.coruna.com

Colaboran: XUNTA DE GALICIA, FEDERACIÓN GALEGA DE COMERCIO, FEDERACIÓN DE COMERCIO A CORUÑA, ABANCA, femxa

Cartel da iniciativa "Merca no teu comercio". / Foto: Federación de Comercio

A iniciativa "Merca no teu comercio" conta coa participación de 7 tendas da vila: Óptica Alain Afflelou, Grupo Noguerol, Mercería Isabel, Leiva Motosport, Óptica Tábor, Sakho e Sportmoda.

As persoas que compren nestas tendas, ata o día 20, poden participar no sorteo de 50 bonos de 200 euros, rexistrando as compras na páxina: mercanoteucomercio.coruna.com.

Ulloa Viva e a PDRA denuncian unha "campana" da Xunta para impedirle a milleiros de persoas e colectivos alegar contra Altri

A Plataforma Ulloa Viva e a Plataforma en Defensa da Ría de Arousa (PDRA) denunciaron, este luns en rolda de prensa, unha "campana" da Xunta que está a facer valéndose da maquinaria administrativa para tentar calarnos e deixarnos fóra da tramitación do proxecto, cando como galegas e galegos, afectadas polo seu impacto, temos dereito a ter información da administración: esiximos que nos conten o que están a facer, os informes que encargaron, o que están a valorar os técnicos e os resultados". Denunciaron que "non contentos con filtrar á prensa supostos informes encargados a distintos organismos, dos que non temos notificación nin coñecemento". A Administración autonómica leva semanas enviando escritos de requirimento ás per-

soas asinantes das máis de 23.000 alegacións contra o proxecto "emendando a nosa lexítima solicitude de que nos recoñezan a condición de persoas interesadas nun procedemento administrativo".

Ulloa Viva e PDRA comentaron que a Xunta está a pedirles a particulares, que alegaron contra Altri e queren ter información da súa Administración sobre a tramitación do proxecto, que "acrediten o seu interese" no prazo de 10 días hábiles para que ese mesmo departamento valore dita acreditación. En caso contrario, advirte o requirimento, "entenderase por desistido".

As persoas interesadas en contestar este requirimento poden descargar modelos de escritos de resposta que xustifican o interese das persoas alegantes

a obter información e a participar no procedemento administrativo. Estes modelos están á disposición da cidadanía na páxina da Plataforma Ulloa Viva.

Ante esta "ofensiva" da Administración autonómica, estas entidades anunciaron unha campaña de acción conxunta "contra o intento da Xunta de amordazar ás persoas que alegaron contra Altri".

"Quérennos sacar o noso dereito a protestar, a termos información e mesmo os nosos dereitos constitucionais", denunciaron Ulloa Viva e PDRA.

A Plataforma Ulloa Viva e a Plataforma en Defensa da Ría de Arousa, apoiadas por outros moitos colectivos, anunciaron a convocatoria dunha grande mobilización nacional para o vindeiro 15 de decembro en Santiago de Compostela,



Representantes de Ulloa Viva, PDRA, CIG e Adegas. / Foto: Ulloa Viva

baixo o lema "A Xunta non poderá calar todo un país. Altri non!".

Os colectivos organizadores afirman que o goberno de Rueda "segue sen atender o clamor social

En total, quedaron recollidos 2.682 medios. Este mapa nace con dous obxectivos: como ferramenta de coñecemento da distribución xeográfica dos medios de comunicación, a súa tipoloxía e características, pero tamén como unha oportunidade de desenvolvemento para aquelas áreas con menos presenza dos medios e que poidan ter un potencial de desenvolvemento empresarial.

En Galicia rexistráronse 165 medios, dos cales 78 na provincia da Coruña. Entre estes últimos atopamos: 5 axencias, 12 diarios, 21 dixitais e medios locais, 9 publicacións especializadas, 25 radios e 6 televisións. O Cerne é un dos medios locais rexistrados, o que implica un xeito maior de visibilidade aos contidos e traballo do xornal.

O Cerne forma parte do I Mapa de Comunicación Rural de España




Exemplares do Cerne, incluído no Mapa de Comunicación Rural. / Foto: Cerne

O Cerne forma parte do I Mapa de Comunicación Rural de España, xunto con outros 2.681 medios.

No mes de setembro, presentouse esta iniciativa da man da Cátedra de

Reto Demográfico e Despoblación de Next Educación, na que se recollen todos os tipos de medios de comunicación que hai actualmente en funcionamento nas zonas rurais do país.

As empresas galegas obrigadas a medir o nivel de gas radon



O mapa de Galicia sobre niveis de radon por concellos, sendo os de cor máis escura con maiores niveis. / Foto: RCS

As empresas galegas obrigadas a medir o nivel de gas radon ao que están expostas as persoas traballadoras. A obrigatoriedade desta medida está dirixida a todos os

negocios situados en planta baixa ou rasante das localidades de alto risco. Na comarca da Terra de Melide, con datos de medicións realizadas no 2022: Santiso

é o municipio con maior nivel de risco; Melide, Toques e Sobrado están no nivel baixo destas medicións.

Galicia é a comunidade con máis territorio

afectado con altas concentracións de radon, preto do 70%, segundo un estudo do Laboratorio de Radon de Galicia da USC.

Este gas está presente nas rocas da cortiza terrestre e outros compartimentos ambientais, polo que o radon soe entrar dende o chan polas fendeduras e os buratos dos cementos. A maiores, este elemento pode atoparse en materiais de construción e na auga dos pozos de uso doméstico.

O radon foi declarado canceríxeno humano pola Axencia Internacional para a Investigación do Cancro (IARC), dado que numerosos estudos demostran que este gas causa un número substancial de casos de cancro de pulmón.

Para realizar as medicións é preciso colocar diferentes dispositivos de medida no local durante, como mínimo, 3 meses. O número

de medidores dependerá das medidas do establecemento. Unha vez recollidos os medidores, a empresa encargada destes labores, emitirase un informe cos resultados das estimacións do promedio anual da concentración de radon en aire.

Se as concentracións de radon en promedio anual superan os 300 Bq/m³, as persoas responsables da empresa deberán tomar as medidas oportunas para reducir dita concentración deste gas. Algunhas das accións para reducir os niveis de radon son: mellorar a ventilación do chan e o forxado do edificio, instalar un sistema de extracción mecánica do radon no soto, selar as fendeduras, aberturas e fisuras de teitos e paredes e, por último, poñer en marcha sistemas de ventilación e extracción nas estancias ocupadas polo persoal do negocio.

Aberto o prazo para presentar propostas aos Premios do Comercio Galego 2024



Roupa nunha tenda como as que optan ao Premio Comercio. / Foto: iStock

A Xunta abriu o prazo para presentar propostas aos Premios do Comercio Galego 2024. O obxectivo destes galardóns é recoñecer a labor dos profesionais do sector comercial e contribuír a súa difusión como panca


para o desenvolvemento económico e social das vilas e cidades galegas.

Os establecementos de proximidade interesados en optar aos premios xa poden presentar as súas candidaturas ata o vindeiro

luns 28 de outubro. Hai cinco categorías nesta convocatoria de galardóns: Premio Comercio, dotado con 5.000 euros; Premio Comercio Traxectoria, ao que lle corresponden 3.000 euros; Premio Comercio Emprende, distinguido con 3.000 euros; Premio Comercio Dinamización, cunha cuantía de 5.000 euros e o Premio Comercio Consumo Responsable, con 3.000 euros.

Dende a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración afirman que esta convocatoria enmárcase "na aposta da Xunta por un sector comercial forte, moderno e competitivo capaz de adaptarse ás novas tendencias e ás demandas das persoas consumidoras dada a súa importancia como xerador de riqueza e emprego, así como vertebrador do territorio".

Novo éxito da iniciativa "Volta ao Cole" de Asetem



Cartel desta última edición da campaña "Volta ao Cole". / Foto: Asetem

Novo éxito da iniciativa "Volta ao Cole" da Asociación de Empresarios e Empresarias da Terra de Melide. Nesta última convocatoria a entidade comercial repartiu entre a clientela dos establecementos de proximidade vales de compra por valor de preto de

500 euros, para gastar nos comercios asociados ata o 31 de outubro.

Dende a directiva de Asetem queren agradecer a comerciantes a súa implicación nesta campaña "Volta ao Cole", así como á clientela pola súa confianza nos comercios locais.

A Xunta fixa os festivos cos comercios abertos



Sinal de aberto na porta dun comercio de proximidade. / Foto: iStock

A Xunta de Galicia fixa os festivos e domingos nos que os establecementos comerciais poden abrir no vindeiro ano 2025, estes serán: 5 e 12 de xaneiro; 17 de abril; 29 de xuño; 30 de novembro;

14, 21 e 28 de decembro. No caso das tendas locais de Melide só lle afectan os festivos publicados, dado que os comercios da vila abren todos os domingos ao longo do ano.

En setembro sube lixeiramente o paro na Terra de Melide

No mes de setembro sube lixeiramente o número de persoas desempregadas na comarca da Terra de Melide, situándose a cifra en 344 (+6).

A fin dos contratos da temporada de verán fíxose notar nos datos do paro, mais non en todos os concellos. Sobrado (37) e Melide (250) si que aumentan os seus desempregados e desempregadas, en 8 e 2 respectivamente. Non obstante, a parte positiva de setembro pónena os municipios de Santiso (33) e Toques (24), con 3 e 1 persoa menos buscando emprego.

Co remate de setembro, a hostalería e o comercio xa non precisan do persoal de apoio, o que axuda á suba do paro. A pesares disto, en comparación co mesmo mes do ano pasado, o incremento de persoas desempregadas é moito menor, dado que en setembro de 2023 quedaban sen traballo

17 persoas na comarca (cun total de 383 parados). A raíz deste dato, podemos ver como no cómputo xeral, o número de desempregados e desempregadas baixa un 10,18%, o que supón unha boa nova para o mundo laboral.

Se ollamos as comarcas limítrofes, os datos non son desfavorables. En Arzúa non varía o dato do paro, con respecto ao mes anterior. Nesta zona, ao igual que na Terra de Melide, dependendo da localidade a situación é diferente. En Boimorto (42) e Arzúa (152) sobe o desemprego en 4 e 5 persoas, respectivamente. Pola contra, no Pino e en Touro as cifras descenden en 4 e 5 desempregados. No global da contorna de Arzúa hai 399 persoas buscando traballo.

Logo, na comarca da Ulloa os datos son moi positivos, dado que hai 10 parados e paradas menos. A me-

O COE ponse en marcha para dirixir as actividades de emprendemento



Varias autoridades o día da inauguración do COE. / Foto: Xunta de Galicia

O Goberno galego pon en marcha o novo Centro de Orientación, Emprendemento e Innovación para o Emprego de Galicia, cuxo principal obxectivo é coordinar todas as actividades

relacionadas co emprendemento e a orientación laboral, impulsando tamén un enfoque innovador en materia de traballo.

O conselleiro de Emprego, Comercio e Emi-

gración, José González, puxo en valor a importancia deste fito, "que contribuirá a canalizar e fomentar as sinerxías de todo o ecosistema laboral, e que se suma a outras medidas implementadas polo Executivo autonómico".

O novo centro actuará como ligazón entre as Oficinas de Emprego e a propia Rede de Polos de Emprendemento e Apoio ao Emprego.

Ademais, este espazo, con sede na cidade da Coruña, será referencia para o emprendemento incluso das persoas con diversidade funcional. Con este importante obxectivo, ofrece unhas instalacións punteiras e completamente adaptadas para facilitar a igualdade de oportunidades equitativas a todo o tecido emprendedor.



Un mural no que se reflicten as ringleiras diante das Oficinas de Emprego en busca de traballo. / Foto de arquivo

llor parte lévaa o concello de Palas de Rei (77), onde 8 persoas atoparon emprego no mes de setembro. Monterroso (117) tamén está no bo camiño con 2 desempregados menos. Por último, Antas de Ulla (59) non sofre ningunha variación nos

datos, en comparación con agosto.

Para rematar, a comarca do Deza pon o lado máis negativo ao perder 12 empregados e empregadas. Os municipios de Lalín (833) e Silleda (291) son os que engrosan os datos do

paro con 21 e 3 persoas que se quedaron sen traballo no mes pasado. Pola contra, a mellor parte está en Vila de Cruces (139), onde hai 9 traballadores máis. En Dozón (20), Agolada (61) e Rodeiro (44) baixa nunha persoa os datos do paro.

**PRUEBA 1 MES
AUDÍFONOS
GRATIS**



tábora
CENTRO ÓPTICO Y AUDITIVO



E-15-001241

**ESTUDIO AUDIOLOGICO GRATUITO
FINANCIACION SIN INTERESES
ÓPTICA TÁBORA MELIDE
RUA PROGRESO,13
Tlf: 981 505 199  634950412**

**NUEVA
UBICACIÓN**



tábora
CENTRO ÓPTICO Y AUDITIVO

**2 GAFAS
GRADUADAS
99 €**

**ÓPTICA TÁBORA MELIDE
RUA PROGRESO,13
Tlf: 981 505 199  634950412**



E-15-001238

Asetem participa no deseño do futuro Plan Estratégico do sector comercial galego do período de 2025 a 2030



Na primeira imaxe, o director xeral de Comercio, Gabriel Alén, xunto con outros responsables da Administración. Na segunda, Pilar López, xerente de Asetem, na reunión do Plan Estratégico. / Foto: X.G

A Asociación de Empresarios e Empresarias da Terra de Melide participa no deseño do futuro Plan Estratégico do sector comercial galego do período de 2025 a 2030.

Para abordar esta cuestión, o Director Xeral de Comercio, reuniu o pasado 1 de outubro en Expocoruña aos xerentes das asociacións e federacións comerciais, artesáns, prairos e comerciantes da provincia da Coruña.

O director xeral de Comercio, Gabriel Alén, destacou que para o Goberno autonómico "é unha prioridade abordar o futuro do comercio desde o diálogo e a colaboración, atendendo as achegas de todos os axentes implicados co obxectivo de facer unha diagnose acertada e trazar a estratexia para reforzar, así como para incrementar a competitividade do tecido comercial local das vidas e cidades galegas".

Nesta liña, Gabriel Alén remarcou o importante papel do sector como motor económico e xerador de

emprego e riqueza. Galicia conta no seu territorio con máis de 24.000 comercios, que xeran 107.000 postos de traballo en toda a comunidade autónoma. A isto, hai que sumarlle preto dun cento de mercados e prazas de abastos. Asemade, sinalou, "cómpre tamén poñer en valor o seu rol dinamizador na vitalidade e a vertebración do territorio".

O director xeral de Comercio incidiu na necesidade de mirar cara ao futuro poñendo á disposición do sector todas as ferramentas que precisan para afrontar os retos que teñen por diante, adaptarse ás novas realidades e ás tendencias das persoas consumidoras, a través dun modelo que se apoie nos beneficios das novas tecnoloxías e afonde na especialización, na calidade do produto e na experiencia do usuario, promovendo ademais o consumo responsable e a sustentabilidade como valores inherentes ao comercio de proximidade.

Neste aspecto, os xerentes das diferentes asociacións comerciais fixeron

diversas propostas para revitalizar os establecementos locais e animar á xente máis nova a mercar nos negocios do seu barrio ou municipio, unha cuestión moi complexa na que é preciso traballar arreo. Ademais, a xerente de Asetem, Pilar López, comentou a necesidade de seguir a apoiar os envíos a domicilio, dado que "para que os establecementos de proximidade poidan competir nas vendas en liña coas grandes superficies, os comerciantes precisan ter un bo sistema de loxística e a un prezo reducido".

Outro aspecto sinalado polos participantes desta xuntanza foi o darlle difusión a todas as vantaxes de mercar nos comercios locais, dado que a veciñanza debe ter presente a importancia de mercar nas pequenas tendas.

A maiores, por parte da dirección xeral de Comercio fixose mención a posta por acometer un plan de remuda xeracional para asegurar a continuidade dos comercios rendibles, apoiando tanto ao que cesa

na actividade como ao que a vai continuar. Esta medida foi acollida con gratitude por parte das persoas asistentes, xa que son moitas as tendas en Galicia que por falta de remuda xeracional pechan, a pesares de ser negocios totalmente rendibles. Neste eido, a Xunta de Galicia xa ten o chamado Bono Remuda para "fomentar o traspaso de negocios", unha axuda que pode chegar ao 75% de subvención respecto do prezo estipulado no contrato de relevo (este caso é para comercios situados en concellos de menos de 5.000 habitantes).

Entre as medidas nas que está a traballar o Executivo galego, figura o impulso das prazas de abastos (fomentando a súa certificación como Mercados Excelentes) ou a posta en marcha do selo Menú de Mercado, que permita facer campañas cruzadas cos restaurantes da contorna. Tamén contemplará liñas para potenciar os centros comerciais abertos, como é Asetem, (para consolidalos como máximos referentes

dun servizo de proximidade e de calidade e simplificar as súas axudas) e a Fundación Artesanía de Galicia, para seguir apoiando o labor dos artesáns e incentivar as vendas.

Para rematar, Gabriel Alén tamén destacou a necesidade de que as asociacións e federacións comerciais traballen en conxunto e de preto dos Polos de Emprendemento, creados polo Goberno galego recentemente en diversos puntos de Galicia. En Melide contamos cun Polo de Emprendemento (na Rúa do Convento, 1) para asesorar e axudar a todas as persoas que estean pensando en emprender e para aquelas que xa teñan un negocio en marcha. Esta oficina abarca o asesoramento dos habitantes de 24 vilas. Ademais, o director xeral de Comercio adiantou que nos próximos días sairá a nova edición dos Bonos Activa Comercio para tentar dinamizar as compras dos establecementos de proximidade nesta época, tradicionalmente máis baixa en canto a vendas.

O Goberno galego anuncia que a sociedade Recursos de Galicia creará unha comercializadora de enerxía

O Goberno galego anuncia a sociedade Recursos de Galicia, entidade mixta, creará unha comercializadora de enerxía.

A constitución da comercializadora aprobouna en setembro a sociedade Recursos de Galicia, unha empresa na que a Xunta controla o 30% e o 70% restante repártese entre 32 compañías entre as que se atopan: Abanca, Gadisa e Ence.

A Conselleira de Economía e Industria, María Jesús Lorenzana, adiantou que a RDG Comercializadora Galega de Enerxía "venderá o 100% da enerxía a consumidores galegos, tanto particulares como empresas e industrias, sempre a un prezo máis barato que o prezo de mercado". A maiores, Lorenzana dixo que se poderán beneficiar dun "desconto medio do 50% sobre o prezo do mercado no caso da veciñanza que vive próxima a infraestruturas de xeración renovable".

No caso dos particulares, os primeiros beneficiarios destas condicións



A Conselleira de Economía e Industria, María Jesús Lorenzana, falando do proxecto da comercializadora. / Foto: X.G

estarán nun radio próximo a onde estea instalado, por exemplo, un parque eólico, ou mesmo en concellos limítrofes. No que respecta ás empresas e industrias, a Conselleira explicou que "o obxectivo é democratizar o acceso a un prezo eléctrico máis competitivo, para o cal a comercializadora ofrecerá contratos de compraven-

da de enerxía a longo prazo a todo tipo de empresas". Segundo indicaron dende o Goberno galego, poderán optar a esta enerxía dende persoas autónomas, pemes ou microempresas e grandes industrias. Isto implica que empresas de gran tamaño como Alcoa ou Altri (se chegase a instalarse en Palas de Rei) non teñen a

porta pechada a beneficiarse deste proxecto.

O que si, non se concretou canta enerxía poderá vender esta comercializadora público-privada, nin tampouco a cantos particulares nin os criterios que van decidir que particulares ou empresas van acceder primeiro á enerxía que se produza.

Lorenzana subliñou que "canto antes se desbloquee o despregamento das renovables en Galicia, incluída a eólica mariña máis se poderá ampliar o conxunto de beneficios que poidan acceder ás vantaxes desta nova comercializadora".

A Conselleira indica que a sociedade Recursos de Galicia podería ter listos os trámites para a construción da súa comercializadora en 4 meses. De feito, adiantouse que xa están a negociar con operadores do sector a incorporación á compañía de volumes de enerxía que permitan iniciar operacións no 2025. Neste liña, Lorenzana indicou que se está "traballando en fórmulas de adxudicación, que primarán, entre outras cousas, factores como o emprego por kWh ou o Valor Agregado Bruto (VAB) por kWh.

Ademais, a Conselleira de Industria sinalou que a comercializadora galega con participación público-privada cubrirá toda a cadea de produción, desde a produción ata a comercialización.

FLORISTERÍA MARU



1 de novembro
DÍA DE TODOS
LOS SANTOS



Lembra aos teus seres queridos con flores



floristeriamarumelide



Floristería Maru

- Amplia variedade en flores e plantas
- Vodas, bautizos e comunións
- Servizos de flores fúnebres

Rúa do Convento, 9 - Melide

Tfl: 981 50 75 80

floristeria.maru@gmail.com

OS SOÑOS DE CELIA



Era unha vez...

Celia era unha nena moi valente polo día aínda que polas noites tiña moito medo da escuridade.

Aquela tarde veu unha tronada ben grande e marchou a luz. Á hora de ir para a cama Celia non quería deitarse así que foi chorando para o seu cuarto a pesares de que os seus pais prometeron irlle contar un conto cando rematasen as súas tarefas.

Celia calmouse e quedou durmida.. Pero en pouco tempo un enorme trono espertouna e berrou forte polos seus pais que non acudiron porque andaban a mirar polo gando no establo.

A nena agachose por baixo das mantas tremendo co medo así que cando chegou o día aínda Celia non pechara os ollos.

Xa na cociña, á hora do almorzo, a súa nai espetoulle:

-E logo Celia, de onde saíron esas túas olleiras?

-Non durmín nada porque pasei moitomedo. Contestou a nena.

Polo serán viñeron seus primos merendar e xogar con Celia quen non aguantou quedándose durmida profundamente no banco da cociña que súa nai acendera porque xa empeza a arrefriar polas tardiñas a fianis do mes de

setembro.

Os primos decidiron sacala dalí e lavalas para o sofá do salón namentras padriño arranxaba a lámpada do cuarto de Celia porque lle estourara a bombilla coa tormenta da noite.

Foron facer un biscoito que mañá Celia compartirá cos nenos e as nenas de 3º e 4º de Primaria do CEIP Arcediago, onde lles vai contar a súa aventura da noite pasada.

Na mesiña de noite deixaron un paquete para Celia. Unha lanterna preciosa, decorada con estreliñas, para que faga uso dela cando se vaia a luz e non volva chorar por iso.

Pola mañá Celia pensou que todo aquilo fora un soño. A súa lámpada de paxaros e flores estaba acesa cando espertou así que se sacudiu para espabilar do pesadelo e gardou a lanterna na mochila para ensinala no cole.

Nunca máis tivo medo da escuridade porque sabía ben que papá e mamá sempre van vela antes de ir deitarse e comprobaban que durme tranquila e leda coa súa lanterna máxica debaixo da almofada.

Sentada no bus cara ao cole Celia pensaba que é marabilloso ter primos!

Debuxo de Carmen Vilariño, 3º de Primaria. Conto do alumnado de 3º e 4º de Primaria do CEIP de Arcediago, Santiso



Véndese leña picada de carballo

Santa María
de Melide

636 866 996





Rúa Rosalía de Castro, 3 Melide
Teléfono: 642 007 210

A logopedia é unha disciplina sanitaria que, como ides intuindo polos artigos que Latexo vai deixando no Cerne, abarca unha gran variedade de patoloxías. Ningunha idade escapa á posibilidade de precisar logopedia nalgún ámbito pero segue a ser unha gran descoñecida para a poboación en xeral. Desta volta falaremos da ataxia, posto que nos últimos días foi o

día mundial desta doenza.

A ataxia consiste nun control muscular deficiente que pode afectar a diferentes capacidades motoras como camiñar, a coordinación das mans ou a fala e a deglución. Adoita aparecer despois dun dano no cerebelo, que é a parte do noso cerebro que controla a coordinación muscular. Os danos poden ser provocados por

varias afeccións entre as que se inclúen accidentes cerebrovasculares (ictus), tumores, esclerose múltiple, enfermidades dexenerativas ou incluso o abuso de alcohol ou algúns medicamentos.

Os síntomas da ataxia poden desenvolverse co paso do tempo e a persoa ir notando dificultades crecentes en actividades da vida diaria, tendo a sensación de que está torpe ou que algo lle pasa nas mans ou as pernas; ou polo contrario, a sintomatoloxía pode debutar de forma súbita, aparecendo de forma moi notable, dun momento para outro.

Mala coordinación, dificultades para manter o equilibrio, marcha inestable ou cos pés moi separados, dificultades para tragar ou en tarefas de mo-

A ATAXIA

tricidade fina como comer, abotoar unha camisa ou escribir son algunhas das manifestacións posibles da ataxia.

Coma en todos os artigos de Latexo, queda explicar a diferenza que pode marcar a logopedia para a calidade de vida das persoas, neste caso con ataxia.

Pois ben, a logopeda, como encargada da intervención sobre as dificultades nas funcións orofaciais, traballará coas persoas con ataxia sobre o proceso da deglución, sobre a fala e calquera outra función na que se aprecie falta de coordinación entre os diferentes músculos.

Ben é certo que moitas veces, o traballo da logopeda coas persoas con ataxia non trata de eliminar ou rehabilitar

as dificultades, posto que non é posible en ocasións, devolver a coordinación muscular para realizar as funcións. Nestes casos, o traballo pasará por modificar a maneira na que a persoa traga, para que o faga con seguridade, ou modificar texturas para que lle resulte máis fácil a mastigación ou no caso da fala, dar estratexias que lle permitan á persoa manter unha comunicación eficiente e efectiva. Tamén existe outra parte moi importante do traballo da logopeda que pasa polo apoio e a orientación ao entorno familiar da/o paciente, que debe ser parte do tratamento para que se considere exitoso e se poida traducir nunha mellora na calidade de vida da/o paciente.

Cristina Fernández

A tortilla que deu que falar

Publicitouse que en Melide se ía asaltar o récord da tortilla máis grande do mundo, e o día acordado a vila fervía en xente.

Nas semanas previas, a empresa encargada de acometer o reto traballou na difusión do evento, na comunicación por distintas vías, e debérono facer ben, porque aquel domingo o Cantón de San Roque fixose pequeno para acoller ao expectante público.

É sabido que todas as iniciativas privadas que se organizan abertas ao público buscan un retorno económico, publicitario ou doutra índole, que en calquera caso favoreza ao promotor.

Tamén se sabe que ninguén obriga a participar, que a vida pode pasar sen que teñamos que opinar de todo; as cousas non se veñen a nós, somos nós os que escollemos a ruta que queremos ir trazando.

O caso é que o evento celebrouse, sendo obxectivos, poderíase medir o éxito en varios aspectos: se finalmente era a máis

grande, se estaba rica, se a organización estivo ben, se o espectáculo ofrecido estivo á altura do público, ...e varios máis que agora se me escapan.

Non teño ningún tipo de vínculo, nin sequera de amizade lonxana coa familia/empresa que organizou esta iniciativa, pero á vista do que pasou aos días seguintes, creo que o tema merece unha reflexión dende a distancia.

Organizar un evento, sexa cal sexa implica esforzo non só económico senón tamén de loxística humana, ser capaces de poñerse de acordo, ir todos a unha, aplicar a paixón ao mesmo lado. Guste ou non (dende a distancia que dá non coñecer persoalmente aos organizadores) o que se viu foi unha familia enteira e unha tribo de amigos arrimando forzas para sacar algo adiante.

E, o que se viu ao día seguinte (non todo, obviamente) foi unha lexión de *haters*, persoas que -moitas delas dende o anonimato

que dan as redes sociais- se dedicaron a criticar cada fallo, cada decisión, botar por terra todos os esforzos, obviar os aspectos positivos (como a repercusión para o nome de Melide) e chegar ao insulto coa suposta opinión sobre o desenvolvemento da iniciativa.

A única pregunta que debería unha persoa facerse antes de criticar a maneira de proceder doutra é: "faríalo ti mellor?" "Por que non o fas ti?". Aplica ao caso da tortilla pero tamén a todo o demais. Aos que critican os erros alleos, dende o altar que debe ser sentirse perfecto e infalible, pero que son as mesmas persoas que nunca fan nada.

Se deixáramos facer a quen fai, opinar sen destruír, poñernos nos zapatos dos outros, teríamos unha convivencia social máis relaxada.

Aínda que a tortilla nos guste con cebola.

Vanesa de Quinzán

A III Andaina dos Montes do Bocelo realizarase o sábado 19 de outubro



O cartel para a III Andaina dos Montes do Bocelo. / Foto: Concello de Melide

A III Andaina dos Montes do Bocelo, ao Teito da Coruña, realizarase o próximo sábado 19 de outubro.

Un ano máis, os Concellos de Melide e Toques, coa colaboración da Asociación Deportiva Cer-

ne, organizan unha ruta ata o Coto do Pilar, o punto máis alto da provincia da Coruña (a 803 metros sobre o nivel do mar) e que une os dous municipios.

A veciñanza que participe nesta actividade deportiva terá que saír o sábado 19 ás 9:30 horas, dende ambas localidades.

As persoas interesadas en realizar esta andaina deberán anotarse de xeito presencial nas oficinas dos Concellos, chamando ao 981 50 50 03 e 981 50 58 26 ou a través da APP Sporttia.

As Administracións locais poñerán autobuses na cima para desprazarse ás zonas de saída de ambos municipios.

A ruta dende Melide ata o Coto do Pilar ten unha lonxitude de 10,8km, mentres que dende Toques ao mesmo punto hai 8,6km.

Máis de 800 quilos de lixo recollidos do Río Furelos



Varios voluntarios das XX Xornadas de Limpeza do Río Furelos. / Foto: A.T.R.F

Os voluntarios das XX Xornadas de Limpeza do Río Furelos, organizadas pola Asociación de Troiteiros, recollen 837,50 quilos de lixo.

Logo de varias quedadas para limpar o Furelos e os seus afluentes, os par-

ticipantes desta actividade recolleron dende plásticos, televisións vellas, animais mortos e lonas de plástico agrícola, entre outras.

A maiores, dende a Asociación comunican que se realizarán charlas informativas nas escolas.

O Concello de Melide rexeita a suba do canon de Sogama e insta a un xiro da política de residuos actual do Goberno autonómico



Os representantes dos grupos políticos municipais no último Pleno ordinario. / Foto: Retransmisión Concello de Melide

O Pleno do Concello de Melide, celebrado o pasado 30 de setembro, vota a través dunha moción o rexeitamento aos "tasazos" de Sogama, instar a un xiro da política de residuos na que se incentive a recollida selectiva e a reutilización e

solicitar a creación dunha comisión de traballo entre Sogama, a Consellería de Medio Ambiente e a Federación Galega de Municipios e Provincias. Esta moción obtivo os votos dos grupos promotores da mesma, BNG, PSdG e Adiante

Melide, e en contra do Partido Popular.

O voceiro de Adiante Melide, Xosé Igrexas, explica este rexeitamento á suba da taxa de Sogama dado que "este incremento abusivo e realizado de xeito unilateral afecta gravemente as arcas

dos Concellos". A maiores, sinala: "ante o fracaso do sistema de Sogama, a Xunta de Galicia faillo pagar aos Concellos, coma sempre a solución fácil. Con isto pasaremos de pagar, IVE incluído, 61 euros a 108".

Pola outra banda, a líder do Partido Popular en Melide, Dalia García, indica que esta suba vén promovida por unha lei estatal e afirmar: "os residuos hai que tratalos e iso ten un custo, se a isto lle engades os impostos e que o Goberno Central lle quita a Sogama unha fonte de recursos, dalgunha maneira haberá que sufrir os custos". Ademias, García fai fincapé en que "os cidadáns podemos facer máis, eliminando todo o que vai demais á bolsa negra porque o pagamos todos".

A voceira do PSdG, Mónica Barral, destaca que esta "é unha taxa que nos

cobran pola mala xestión de Sogama. Europa pon esta taxa porque Sogama non cumpre".

Dende Adiante Melide afirman que este canon supón unha suba do que cada melidense paga por unha causa na que eles non teñen culpa, "se o problema non é da cidadanía, senón da Xunta e ten que esta quen o pague".

Na segunda quenda de palabra, a voceira do PP sinala que o modelo de Sogama "é igual de competitivo que o de outros países como Dinamarca", ante o que a representante do PSdG lle indica que Dinamarca non é un país pioneiro en canto á reciclaxe, de feito, está nunha situación similar a Galicia, polo que onde se habería que fixar sería en países como "Alemaña", punteiros en materia medioambiental.

O Outono Cultural trae unha programación para todos os públicos

**Xornadas
micolóxicas**

2 e 19 NOVEMBRO
de 10:00 a 14:00 h

**SAÍDA AO MONTE E
CORRECTA IDENTIFICACIÓN DAS
ESPECIES COMESTIBLES E VELENOSAS**

PRAZAS LIMITADAS

Inscripción no departamento de cultura, no teléfono: 981505003
ou no correo electrónico: cultura@concellodemelide.gal

Parte do cartel das Xornadas Micolóxicas que se celebrarán na vila dentro do Outono Cultural. / Foto: Concello de Melide

O Concello de Melide presenta a programación completa do Outono Cultural, con actividades gratúitas e para públicos de todas as idades.

O domingo 13 de outubro, a Administración local organiza teatro para

as familias coa obra "Ninja" de Os Ghazafellos. Será ás 18:00 horas no Centro Sociocultural Mingos de Pita.

Seguindo con teatro, o domingo 20 chega "A tartaruga Manola" da compañía Malasombras Producións. Ás 18:00h no Centro Sociocultural Mingos de Pita.

Para celebrar o Día da Biblioteca, xoves 24, Baobab teatro interpretará "A filla do Cacharulo" para o alumnado dos centros educativos da vila.

Co fin de outubro, o domingo 26, a Banda de Música Popular de Tui dará un concerto no Centro Sociocultural Mingos de Pita, ás 18:30h.

O mes de novembro traerá unha forte aposta musical, dado que os días 9,10,16,17,23 e 24 a Coral Polifónica do municipio organiza, un ano máis, a Semana da Música da Terra de Melide.

Os sábados 2 e 16 celebraranse as Xornadas Micolóxicas de 10:00 a 14:00 horas. Para participar nesta actividade é preciso anotarse no Departamento de Cultura do Concello, chamar ao 981 50 50 03 ou enviar un correo electrónico a culturademelide.gal.

O domingo 3 festexarase o tradicional Magosto no Cantón de San Roque ás 19:00h, agás en caso de choiva que se trasladará ao Pazo de Congressos.

Para rematar novembro, o venres 29, o Centro Sociocultural Mingos de Pita acollerá a proxección do documental "Barvú XXX", ás 20:00 horas.

Por último, o domingo 1 de decembro, chega ao municipio o espectáculo "O que non se ve" de Et Suseia Danza. Ás 18:00h no Centro Sociocultural Mingos de Pita.

Todas as actividades son gratúitas.

O Museo recibe a doazón de creacións pictóricas da fotógrafa Mary Quintero



A artista María del Carmen Quintero Corredoira. / Foto: Museo Terra de Melide

O Museo da comarca da Terra de Melide recibe a doazón de 2 creacións pictóricas da coñecida fotógrafa María del Carmen Quintero Corredoira, coñecida artisticamente como Mary

Quintero, natural do municipio melidense.

"As doazóns foron posibles grazas ás xestións persoais de Soqui Cea quen, asemade, elaborou un artigo biográfico sobre esta re-

putada persoeira", sinalan dende o Museo.

Esta fotógrafa foi pioneira na utilización en España do proxector de fondos e o retoque fotográfico. Mary Quintero conta cunha dilatada traxectoria profesional de máis de 60 anos, percorrido que foi recoñecido con varios premios como: "Mellor fotógrafo de España" (outorgado II Congreso Nacional de Fotografía no 1981), a "Medalla de Ouro e Brillantes de Sevilla" (2001) ou a "Medalla de Bronce de Galicia" (ano 2002).

Ante estas doazóns de tan recoñecida fotógrafa, "o Museo da Terra de Melide agradece a xenerosidade de tan considerada artista, nada en Melide, e figura recoñecida nos círculos das artes galegas", comenta o persoal da entidade.

Ardores e Finisterre nas Festas do Pilar en Folladela

SÁBADO 12 OUTUBRO Misas ás 10, 11 e 12 h. Misa solemne ás 13 h. A continuación sesión vermú coa CHARANGA **ARDORES** Pola noite, verbena coa CHARANGA:

ARDORES e FINISTERRE

DOMINGO 13 OUTUBRO Misa ás 12 h e solemne ás 13 h. A continuación sesión vermú co DÚO **D'VICIO** Pola noite, verbena a cargo do DÚO:

D'VICIO

DÍA 3 DE OUTUBRO COMEZO DA NOVENA ÁS 19 H. CAMPO CUBERTO CON CARPA
Parte do cartel das Festas do Pilar en Folladela (Melide). / Foto: Escala Espec.

A charanga Ardores e a orquestra Finisterre estarán nas Festas na Honra á Virxe do Pilar na parroquia de Folladela (Melide).

O sábado 12 de outubro, haberá diversas misas dende ás 10:00 horas para continuar coa sesión

vermú a cargo da charanga Ardores. Pola noite, na verbena tocará tamén a orquestra Finisterre.

O domingo 13, haberá misas ás 12:00 e 13:00 horas. Logo, o dúo D'Vicio tocará na sesión vermú e na verbena.

Andaina solidaria contra o cancro no municipio o día 26 de outubro



Voluntarias do Club de Saúde da vila con representantes locais. / Foto: arquivo

Dende a Asociación Española contra o Cancro na provincia da Coruña organízase na vila a andaina solidaria, "Melide en marcha contra o cancro", o vindeiro 26 de outubro.

A saída desta actividade será ás 10:30h do Cantón de San Roque. O percorrido será de 6 quilómetros e pasarase por lugares do concello como: Ponte Mazaira, San Martiño, Praia

Fluvial de Furelos ou por parte do Camiño de Santiago, entre outros. O prezo de inscrición será de 5 euros para adultos e 3 euros para crianzas ata 12 anos.

O prazo para anotarse estará aberto ata o día antes da andaina e o trámite pode realizarse en Goalkers Melide, Leiva Motosport, na Asociación Alecrín e na páxina web da Asociación Española contra o cancro.

A maiores, se ese día non podes acudir á actividade tes a posibilidade de colaborar co dorsal solidario, a través da web da Asociación Española contra o cancro. O importe recadado desta iniciativa irá destinado integramente para a entidade solidaria.

Ademais, na localidade continúa en activo o Club de Saúde, todos os mércores ás 17:00 horas.

IES da vila inaugura o Equipo de Convivencia



O Equipo de Convivencia do IES de Melide deste curso. / Foto: IES Melide

O IES de Melide inaugura este curso académico 2024 - 2025 o Equipo e a Aula de Convivencia.

Este equipo está formado por un grupo de profesorado encargado de orientar e atender en todos os aspectos relacionados

coa convivencia no centro educativo.

A Aula de Convivencia é un espazo para resolver problemas, de análise e reflexión, así como unha oportunidade para diminuír a reiteración de conductas contrarias á convivencia.

Máis do 10% da poboación de Melide participa nas Escolas Deportivas e Culturais municipais no curso 2024 - 2025



Decenas de persoas participantes nas Escolas Deportivas na xornada de clausura en maio. / Foto: Concello de Melide

Como xa vén sendo habitual, as Escolas Deportivas e Culturais do Concello de Melide rexistran un masivo volume de inscricións. En total, 842 persoas anotáronse nalgunha das múl-

tiplas actividades ofertadas. Este número representa unha porcentaxe equivalente ao 10% da poboación do municipio.

Este ano, a oferta de actividades inclúe: por

unha banda, no tocante ás escolas culturais, teatro, ballet, ballet avanzado, baile moderno, pintura para crianzas e adultos, costura, cociña para crianzas e adultos e club de lectura para a

poboación adulta. Pola outra banda, as actividades deportivas inclúen: pilates, escola de costas, trx, zumba, aerobic de baixo impacto, multideporte, atletismo, bádminton, baloncesto, fútbol sala, patinaxe, tonificación, deporte combinado, spinning e iniciación a running e bike. Estas dúas modalidades son a novidade deste novo curso das Escolas Deportivas.

A maiores, no Centro Social impartiranse actividades para os seus usuarios e usuarias como: ximnasia de mantemento, memoria e novas tecnoloxías.

As disciplinas máis demandadas que contan con lista de agarda son: pilates, baile moderno, cociña e pintura de adultos, deporte combinado, tonificación e ximnasia de mantemento. En caso de darse de baixa algún alumno ou alumna

a Administración local irá chamando por orde da lista de agarda.

O novo curso destas actividades arrancou o pasado 1 de outubro. O prezo das Escolas Deportivas e Culturais é de 12,38 euros, agás as actividades de memoria e club de lectura que son de carácter gratuíto. Ademais, existen descontos para maiores de 60 anos nas actividades do Centro Social e tamén na cota total ás persoas inscritas en máis dunha actividade.

Dende as concelleiras de Deportes e de Cultura respectivamente valórase de xeito moi positivo a excelente acollida dunha nova edición do programa cultural e deportivo do curso en Melide. O enorme interese demostrado pola veciñanza confirma a aposta da Administración local por un programa de ocio saudable.



MELIDE

Outono

cultural

/// 2024



OUTUBRO

5, 6, 12, 19 e 26

CICLO DE TEATRO AFECCIONADO O TEATRO NO CAMIÑO

Organiza: Asociación Cultural Charamela
21:00 h centro sociocultural Mingos de Pita

DOMINGO 13

Teatro para público familiar

NINJA

Os Ghazafellos
18:00 h centro sociocultural Mingos de Pita

DOMINGO 20

Teatro para público familiar

A TARTARUGA MANOLA

Compañía: Malasombra Producións
18:00 h centro sociocultural Mingos de Pita

XOVES 24

DÍA DA BIBLIOTECA

A FILLA DO CACHARULO

Baobab teatro
10:00/ 11:30 h Función escolar

DOMINGO 27

Concerto da

BANDA DE MÚSICA POPULAR DE TUI

18:30 h centro sociocultural Mingos de Pita

NOVEMBRO

9, 10, 16, 17, 23 e 24

SEMANA DA MÚSICA DA TERRA DE MELIDE

Organiza: Coral Polifónica de Melide

SÁBADO 2 e 16

XORNADAS MICOLÓXICAS

De 10:00 a 14:00 h

Inscripción no departamento de cultura

DOMINGO 3

MAGOSTO

19:00 h cantón San Roque

En caso de choiva, pazo de congresos

VENRES 29

Proxección documental

BRAVÚ XXX

20:00 h centro sociocultural Mingos de Pita

DECEMBRO


DOMINGO 1

Espectáculo de danza

O QUE NON SE VE

Et Suseia Danza

18:00 h centro sociocultural Mingos de Pita





- Parque de bolas
- Animación en banquetes
- Alquiler de hinchables
- Decoracións e mesas dulces

 682 10 54 50

 @Xanela_ocio

@endulzatemesasdoces

 Xanela Ocio e Animación



 Rúa Rocamador, Melide 15800. A Coruña,

KARIM GAMIL CLÍNICA DENTAL



Ronda de Pontevedra, 34 - baixo
Melide (A Coruña)
981 50 62 44











Antonio Pampín Mosteiro
O REI DA RODA -

Avenida de Lugo
Melide (15800)
981 50 51 57



Barbería no centro de Galicia cun
mercado estilo vangardista e xenuíno

Pide a túa cita!

Ronda da Coruña, 18
15800 - Melide - A Coruña
Teléfono: 981 50 63 78
@danielsbarber_melide

O CEIP de Arcediago maniféstase contra os recortes de profesorado



Algunhas das persoas asistentes á concentración, liderados polas crianzas do CEIP Arcediago con pancartas. / Foto: Cerne

O CEIP de Arcediago maniféstase contra os recortes de profesorado, dado que este non conta coa especialista en audición e linguaxe.

O pasado 24 de setembro, parte da comuni-

dade educativa do centro educativo, diversos responsables do Concello de Santiso e veciñanza uníronse á concentración convocada pola ANPA A Xuntanza, da que forman parte os pais e

nais do alumnado desta escola rural. A esta quedada acudiron máis de 50 persoas que dixeron alto e claro "máis recursos, menos recortes".

Estes recortes vol-

veron chegar a este centro educativo da comarca da Terra de Melide, neste caso sen a especialista de audición e linguaxe, unha peza fundamental para as crianzas con necesidades específicas. "Este ano conseguimos, despois de moito tempo, que haxa dúas aulas de infantil, polo que hai unha profesora máis neste ciclo educativo. Porén, ao mesmo tempo, quítannos a mestra de audición e linguaxe a pesares de ter o mesmo número de nenos e nenas con necesidades específicas, iso sen contar que o alumnado novo está aínda sen avaliar polo que poden ser máis as crianzas que precisen deste servizo", comenta María José Salgado Vázquez, do equipo directo da ANPA A Xuntanza.

Por parte da directiva do CEIP de Arcediago informaron a inspección desta situación para que lle traslade aos responsables e coa esperanza de que se solucione. A maiores, o director do centro explicou que

ata este curso esta especialista era compartida cunha escola de Melide pero que sen dar ningunha explicación eliminaron este servizo educativo.

Dende a ANPA A Xuntanza puxéronse en contacto coa Consellería de Educación porque "consideramos que é necesaria para que haxa unha educación pública en igualdade. Necesítanse máis recursos dado que as necesidades seguen a ser as mesmas".

O alumnado, pais e nais do CEIP de Arcediago conta tamén co apoio do Concello para mudar esta situación o antes posible e que as crianzas con necesidades específicas poidan contar con todos os recursos e servizos necesarios.

Ademais, esta situación non é exclusiva da escola de Santiso, dado que na mesma xornada foron outros 7 centros educativos, na área de Santiago, os que tamén saíron á rúa para protestar pola falta de profesorado especialista.

Tchin Tchin
PROGRESIVOS

O TEU 2º PAR DE GAFAS PROGRESIVAS POR 1€ MÁIS*

PARA TI OU PARA REGALAR

*Oferta válida do 01/10/2024 ao 30/11/2024, en tódalas ópticas ALAIN AFFLELOU de España e Andorra. Consulta condicións en ópticas e en afflelou.es

C/ RONDA DA CORUÑA, 16
MELIDE · 981 506 097 (E-15001259)

ALAINAFFLELOU

Pide tu cita
afflelou.es



A iniciativa "Goza do Ulla" chega a Visantoña o sábado 19 de outubro



Varias persoas camiñando por un dos sendeiros do roteiro PR-G 125 de Visantoña (Santiso). / Foto de arquivo

A iniciativa "Goza do Ulla" chega á parroquia de Visantoña (Santiso) o sábado 19 de outubro.

Esta é a súa décima terceira edición e nela ofrece 7 rutas de sendeirismo

pola veira do Río Ulla, ao seu paso polos 8 concellos aos que baña, destas a quedan por realizar: Padrón (o 12 de outubro), Santiso (o día 19) e Silleda (20 de outubro).

A ruta de Santiso será de 8 quilómetros, a través do roteiro PR-G 125 en Visantoña.

Para participar nesta actividade é preciso chamar ao 981 81 85 01.

Unha auditoría reflexa que Toques perde o 30% de auga



Varias ferramentas e papeis relacionados coa tubaxe de auga. / Foto: iStock

O Concello de Toques vén de publicar os resultados dunha auditoría do Sistema de Abastecemento de Auga potable, na que se reflexa unha perda do 30,05%.

Este sistema de abastecemento está formado por unha rede de alta e

distribución de 51.153 metros de lonxitude, con tubaxes de PVC e PE, sendo os diámetros predominantes de 63, 90 e 125 milímetros. O número de habitantes do municipio ás que abastecen estas instalacións de auga potable é de 268.

A Deputación fará obras na estrada DP - 4604



Un tramo da estrada DP 4604 onde se reforzará o pavimento. / Foto: Cerne

A Deputación da Coruña aprobou, no pleno do pasado 13 de setembro, reforzar o pavimento da estrada DP 4604, entre os puntos quilométricos 12+000 ao 16+450, que une os municipios de Toques e Sobrado.

Estas obras están enmarcadas dentro do Plan de Acondicionamento e Conservación en Vías Provinciais 2024.

Este proxecto conta cun orzamento total de 337.853,08 euros.

A parroquia de Brañas celebra o seu magosto o sábado 26 de outubro



Algunhas das persoas asistentes no xantar do magosto popular do ano pasado. / Foto: Comisión de Festas de Brañas

A parroquia de Brañas (Toques) celebra o seu magosto o vindeiro sábado 26 de outubro.

Na edición deste ano, a Comisión de Festas de Brañas organiza o magosto con moita música,

xantar popular e, por suposto, castañas.

O menú consta de: entremeses, callos, carne ao caldeiro, doces, café, licores e castañas. Prezo de 25 euros, agás para os menores de 12 anos que é gratis. A

música correrá a cargo de: Dúo Principal e discoteca móbil Era Visto.

O lugar de celebración será o Campo da Festa, agás en caso de climatoloxía adversa que será no Polideportivo municipal.

O Ciclo de teatro afeccionado segue coa súa xira na localidade melidá



Actores e actrices de Charamela interpretando a obra "Vaia Lío" no Centro Sociocultural do municipio. / Foto: T. Melide

A XII edición do Ciclo de teatro afeccionado "*Teatro no Camiño*", organizado pola Asociación Cultural Charamela, segue coa súa xira en Melide con varias obras para as últimas semanas de outubro.

O sábado 12 de outubro, será a quenda da obra

"*Asuntos Escuros*", interpretada polo Club de Maiores de Boqueixón. O día 19, o Grupo de Teatro do Hospital de Lugo interpretarán "*As apariencias enganán*". E, para rematar, o 26 de outubro o Grupo de Teatro de Charamela estreará a obra "*Quen o diría!*".

Todas as interpretacións terán lugar no Centro Sociocultural Mingos de Pita de Melide, a asistencia é totalmente gratuíta e apta para públicos de todas as idades.

O horario de todas as funcións de teatro afeccionado é ás 21:00 horas.

O Plan Único investirá 700.000€ en Santiso



O alcalde de Santiso e a deputada Cristina García. / Foto: Deputación da Coruña

A deputada de Plans Provinciais e Asistencia a Municipios, Cristina García, reuniuse co alcalde de Santiso, Manuel Adán, para presentarlle o Plan Único da Deputación deste ano que investirá 740.244,78 euros no concello de Santiso, dos 3.730.496,94 que

reparte na comarca da Terra de Melide.

García e Adán aproveitaron a quedada para visitar os traballos de pavimentación do camiño de Belmil a Penaposta, executados con cargo ao Plan Único de 2023 da Deputación da Coruña.

Aberto o prazo para solicitar as axudas ao estudo en Santiso



Varias alumnas e alumnos do CEIP de Arcediago realizando unha actividade no centro educativo. / Foto de arquivo

Aberto o prazo para solicitar as axudas públicas ao estudo do curso académico 2023/2024 do Concello de Santiso.

O obxectivo desta iniciativa de apoio económico é axudar ás familias

cos gastos relativos ao estudo das crianzas.

As persoas que poden solicitar esta subvención serán: os representantes legais do alumnado de 5º e 6º de Primaria e 1º e 2º da ESO matriculados durante

o curso en centros sostidos con fondos públicos, que estivesen empadroados durante o período lectivo no Concello de Santiso e que obtivesen unha nota media igual ou superior a 7. Tamén poderán presentar

a solicitude a estas axudas: os representantes legais do alumnado de 5º e 6º de Primaria matriculados durante o curso académico 2023/2024 no CEIP de Arcediago e que obtivesen unha nota media igual ou superior a 7.

As persoas beneficiarias deberán estar ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

O importe desta subvención será de 245 euros por alumno ou alumna.

Os representantes legais do alumnado que decidan presentar a súa solicitude deben acompañala de: copia do DNI da persoa solicitante e do alumnado, copia do libro de familia, certificado do centro docente onde estea escolarizado o alumno ou alumna no que se especifique a nota media obtida no curso 2023/2024,

número de conta bancaria onde se efectuará o ingreso e a declaración responsable de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non estar en situación de prohibición para ser beneficiario ou beneficiaria de subvencións.

O prazo máximo de resolución será de 3 meses, contados desde o día seguinte ao da conclusión do prazo establecido na convocatoria. O silencio da Administración terá carácter de desestamento.

As persoas interesadas en solicitar esta axuda ao estudo do curso académico 2023/2024 teñen para rexistrar a súa solicitude ata o vindeiro luns, 14 de outubro, nas oficinas do Concello de Santiso. Para máis información ou resolución de dúbidas poden chamar ao teléfono 981 81 85 01.

O 2 de novembro Magosto Popular en Santa María



Decenas de castañas ao lume para asar, ao igual que no magosto. / Foto: iStock

O sábado, 2 de novembro, celebrarase un Magosto Popular en Santa María aberto a toda a veciñanza.

Durante esta xornada festiva haberá: música coa Charanga Era Visto, Dúo BlackGround e DJ

Civi, xantar a 25 euros por persoa (menores de 12 anos gratis), inchables gratuítos para as crianzas, castañas a faltar e o sorteo dun porco para a ceba.

Este evento organízao a Comisión de Festas.

Convocada a edición XXIX Premio Vicente Risco de Ciencias Sociais



Unha persoa escribindo historias no seu caderno persoal. / Foto de arquivo

Convocada a edición XXIX do Premio Vicente Risco de Ciencias Sociais. As persoas interesadas en participar neste proxecto teñen ata o 28 de febreiro do vindeiro ano para a recepción de traballos.

Cos obxectivos de honrar a memoria do escritor, axudar á consolidación da cultura e a fortalecer as relacións de Galiza con Portugal e a lusofonía, a Fundación Vicente Risco: os Concellos de Allariz,

Castro Caldelas e Melide; a Deputación de Ourense; a Universidade de Trás-os Montes e Alto Douro, representada pola Escola de Ciencias Humanas e Sociais: as Universidades de Santiago e Vigo; así como a Caixa Rural, poñen en marcha esta convocatoria.

O valor económico do premio, antes de impostos, é de 6.000 euros.

Os escritos deberán ser anónimos, orixinais e abordar investigacións referentes a Galiza e/ou o Norte de Portugal, sempre dende o punto de vista das ciencias sociais. Os traballos terán unha extensión mínima de 125 páxinas e máxima de 250, en letra con tamaño 12.

Os textos deben ser enviados, en formato pdf, a secretaria@fundacionvicenterisco.com dentro do prazo establecido.

A Santa Compañía volve saír ás rúas da localidade melidá o 31 de outubro

A Santa Compañía, iniciativa promovida polo Museo da Terra de Melide, volve saír ás rúas da localidade melidá o sábado 31 de outubro.

Esta será a 5ª edición da actividade e irá dedicada a dous veciños da vila: Tere Louzao e Emilio Ares. "Considerouse que era de xustiza render unha homenaxe agradecida aos nosos compañeiros Tere Louzao Blanco e Emilio Ares Rico, toda vez que a súa contribución de cara a este proxecto a ninguén deixou indiferente. Dese xeito consideramos de forma unánime que a súa imaxe era a máis adecuada de cara a darlle pulo a esta nova edición da Compañía", sinalan dende o Museo comarcal.

O deseño do cartel deste ano é obra de Pe-

dro Panduriño e conta cos arranxos de Belén Casal, ambos participantes desta iniciativa cultural. "Neste reclamo publicitario preténdese facer un chisco á principal constante da Compañía de Melide: a da simbiose entre a parroquia dos finados e dos vivos; toda vez que o mito da Santa Compañía non ten sentido se non hai vivos que albisquen e se amosen temerosos da súa presenza", comenta o persoal do Museo nas redes sociais.

A participación nesta actividade está aberta a toda a veciñanza da contorna, polo que as persoas interesadas poden pasar polo Museo da Terra de Melide para maior información, enviar un correo electrónico a museomelide@hotmail.com ou chamar ao teléfono 981 50 79 98.

Este proxecto cultural desenvolverase o vindeiro 31 de outubro a partir das 20:30 horas, os integrantes da Santa Compañía partirán da Rúa San Xoán. A veciñanza que queira desfrutar desta representación, que este ano contará con algunha que outra novidade, poderá vela en diversas rúas céntricas do municipio.

Esta iniciativa é desenvolvida e organizada polo persoal do Museo da Terra de Melide, conta coa colaboración e participación da Asociación Cultural Charamela e Herba Grileira, así como coa implicación da veciñanza participante.

"Esta actividade de procura da recuperación da nosa memoria cultural é algo do que Melide no seu conxunto pode congratularse", fan fincapé dende a organización.



Cartel promocional da Santa Compañía en Melide. / Foto: Museo T. Melide

O GDR presenta a iniciativa "Camiños de Auga sobre rodas"



Representantes dos Concellos incluídos na actividade "Camiños de Auga sobre rodas", así como membros do GDR e de entidades privadas na presentación. / Foto: GDR Ulla Tambre Mandeo

O Grupo de Desenvolvemento Rural Ulla Tambre Mandeo presenta a iniciativa "Camiños de Auga sobre rodas", unha serie de 7 rutas de cicloturismo que percorrerá os 8 municipios do xeodestino.

A presentación desta actividade tivo lugar na Igrexa románica de Santa María de Mezonzo, no Concello de Vilasantar. Ao encontro acudiron membros da Xunta Directiva do GRD, representantes das corporacións municipais de Melide, Santiso, Arzúa, Boimorto, Touro e Vilasantar, así como responsables de entidades privadas.

Segundo indicou a presidenta do Grupo de Desenvolvemento Rural, Chus Novo e alcaldesa de Boimorto, un dos obxectivos estratéxicos do GDR para o vindeiro Leader é converter o territorio nun destino cicloturístico de referencia. "Queremos apostar por este segmento do turismo, que se caracteriza

por turistas respectuosos co medio e que buscan patrimonio, gastronomía e natureza". Así pois, fixo fincapé, o territorio do xeodestino "conta con recursos de sobra nos 3 eidos".

O proxecto "Camiños de Auga sobre rodas" componse de 7 rutas de cicloturismo que se desenvolverán nas últimas fins de semana de outubro. Trátase de rutas guiadas de pouca dificultade, cunha distancia entre os 18 e os 25 quilómetros, e que se poden percorrer tamén en bicicleta eléctrica. A facilidade dos percorridos permitirá a participación de persoas que non estean tan afeitas a participar neste tipo de actividades deportivas.

Ademais de gozar da fermosa paisaxe da contorna, as persoas participantes poderán aprender sobre a historia dos lugares e coñecer puntos de gran renome no xeodestino, como o Coto do Pilar, as fervezas de Brañas, o batán de Mezon-

zo ou a Igrexa románica de Sendelle.

Como un reclamo engadido para participar nestas rutas, o consello regulador da Denominación de Orixe Protexida de Arzúa - Ulloa regalará un queixo aos ciclistas que realicen as 7 rutas da iniciativa.

Pola súa banda, Serafín Martínez, encargado da organización das ciclorutas, fixo fincapé en que non se trata dun evento competitivo, senón "turístico/deportivo", con carácter totalmente gratuito. Debido a non ser unha competición, establécese un límite de entre 70 e 80 ciclistas por ruta, para poder garantir dende a organización a comodidade, a interacción e o respecto á contorna. Para participar nas actividades de "Camiños de Auga sobre rodas" é necesario inscribirse na páxina: gl.deporticket.com antes do vindeiro xoves 17 de outubro.

Unha vez rematado o verán, a época de maior

afluencia dos turistas nestas comarcas, o Grupo de Desenvolvemento Rural Ulla Tambre Mandeo pretende atraer novos visitantes con este proxecto de cicloturismo. Neste sentido, Serafín Martínez, explicou que esperan atraer sobre todo a xente doutros lugares de Galicia, tamén de Asturias, León e o norte de Portugal. Non obstante, poden participar habitantes, que así o desexen, dos concellos polos que transcorren estas ciclorutas.

Nesta mesma liña, Chus Novo salientou a importancia de atraer a visitantes en temporada baixa para repercutir de xeito positivo nos establecemento da hostalería.

A programación deste "Camiños de Auga sobre rodas" comeza o sábado 19 de outubro con rutas en Toques e Vilasantar, a primeira de 20 quilómetros e a segunda de 18. O seguinte xeodestino é Melide, o domingo 20 de ou-

tubro, cunha actividade de 20 quilómetros. A seguinte fin de semana, o sábado 26, as persoas participantes percorreren diversos puntos dos concellos de Arzúa e Boimorto nun traxecto de 22 quilómetros. Nesa mesma xornada, haberá unha ruta por Touro de 25 quilómetros. Por último, o domingo 27 de outubro, os e as ciclistas visitarán a zona de Santiso nunha actividade de 22 quilómetros e a contorna do Pino nun traxecto de 19. Ademais, ao final de cada ruta haberá un pequeno avituallamento para repoñer forzas.

Esta iniciativa do Grupo de Desenvolvemento Rural Ulla Tambre Mandeo permitirá poñer a Melide, Santiso, Toques, Arzúa, Boimorto, Touro, O Pino e Vilasantar no mapa imaxinario das persoas que practican o cicloturismo, dado que estes concellos contan cunha contorna natural idónea para este tipo de actividades.

O TRADICIONAL QUEIXO GALEGO

Queixo Arzúa-Ulloa

Suave. Cremoso. Nutritivo

Prioridade 3, medida 3.2


Certificado pola Denominación de Orixe Protexida

XUNTA DE GALICIA

FEADER
Europa inviste no rural

GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA Y ALIMENTACIÓN

@ArzuaUlloaDOP
@arzuaulloadop
queixo@arzua-ulloa.org
Tfno.: 981 50 76 53



Casa Juanito

Más de 100 años de prestigio y calidad

Especialidad en:

Pimentón

Legumbres

Bacalao

Vinos

Licores

Gran surtido en cestas de Navidad y baúles
Regalos navideños con produtos conocidos
y de prestigio

Mateo Segade Bugueiro, 39 - MELIDE
Teléfono e fax: 981 50 51 03
casajuanito1910@gmail.com



MARINA FERREYRA, JACARANDÁ

“Un dos valores engadidos deste negocio é que cociñamos todo con moito cariño”

- Como foi a experiencia de ser xurado do I Concurso de Tortillas, dentro da 1ª Feira do Ovo Campeiro, celebrado o pasado mes de setembro?

- **Marina Ferreyra:** A experiencia foi moi boa, iso si, había tanto nivel que resultou moi difícil escoller as mellores. A idea que levaba era que ía ser máis fácil decidir as gañadoras. Ademais, eran moitas persoas a concursar polo que tamén bastantes tortillas a probar. De feito, cada unha que probabamos tiñamos que anotar o que nos parecía porque senón sería imposible acordarse de todas, dado que foron en dúas quendas. De todos os xeitos, o mellor foi o entusiasmo e ganas da xente.

- **Para as persoas que non coñezan Jacarandá, como o presentarías e que poden atopar neste establecemento?**

- **M.F.:** Un bar familiar que é a miña vida. Sempre digo que un dos valores engadidos deste negocio é que cociñamos todo con cariño porque realmente este establecemento é como unha extensión do meu corpo. Logo, de comida ofrecemos: tortillas, sartenadas, tostas, hamburguesas e racións.

- **Este mes de outubro estás de celebración, dado que Jacarandá cumpre 4 anos. Que repaso fas deste tempo?**

- **M.F.:** Estou encantada. Traballo moito pero estou encantada tanto coa clientela coma co bar, que é tal e como eu quería. Abrín un luns de outubro podendo usar todo o espazo, como un día normal, e o xoves desa mesma semana pecharon a barra por mor da pandemia da COVID. Foi abrir é ter que pasar todo o difícil proceso de pechar ás 18:00 horas, só poder facer pedi-



Marina Ferreyra no seu establecemento hostaleiro, Jacarandá, na Rúa Otero Pedrayo en Melide. / Foto: Marina Ferreyra

dos para levar, ... Porén, por sorte iso xa pasou e estou encantada.

- **Ademais, contas cunha clientela fiel.**

- **M.F.:** Hai de todo como en calquera sitio pero si. De feito, nestes 4 anos hai peregrinos que facendo o Camiño, por casualidade, pasaron por aquí e pararon a comer, volvérono facer tempo despois e viñeron de novo ao Jacarandá para consumir. Tamén hai casos de xente que veu comer aquí e logo llo recomenda a amigos ou familiares e cando veñen cóntanmo, esta é a mellor publicidade que se pode ter.

- **A parte de fiel a túa clientela tamén é moi variada, dado que tanto elaboras uns batidos para merendar como unhas racións para os máis maiores.**

- **M.F.:** É certo que todo o que teño aquí xa estaba tamén no bar da rúa dos Garceiras, pero este local está máis cerca das escolas,

do parque infantil e do IES, entón isto sumado con que me encantan os nenos fai a combinación perfecta. Moitos nenos chegan aquí e xa saben onde están as lambetadas e pasan por detrás da barra coma se estivesen na súa casa.

Ademais, cando alguén vén comer, deixa os pratos baleiros e me di que está rico primeiro de todo son feliz e despois sempre lle digo que é porque o cariño con moito cariño.

- **En canto a bebidas, traballas con café ecolóxico. Cales son as súas vantaxes?**

- **M.F.:** É ecolóxico de comercio xusto, isto implica que te aseguras que é un produto que se produciu de xeito sostible e respectando os dereitos das persoas traballadoras. A maiores, é de gran calidade e de arábica 100%. O Café non é a miña especialidade, senón un completo porque realmente a especialidade da casa son as torradas do almorzo.

Estas torradas levan dende aguacate ou tomate ata ovos rotos.

Ademais, cando cambio algún produto, xa sexa o café ou unha hamburguesa que saca nova, gústame saber a opinión da clientela porque cando fago un cambio é sempre moi pensado previamente. Entón, cando hai calquera cousa nova teño que preguntarlle á clientela se lle gustou ou non e o que pensa.

- **É fácil conciliar a vida persoal con todo o traballo que ten detrás un establecemento como o Jacarandá?**

- **M.F.:** Non é nada fácil, o ter cociña dá moito traballo. Agora os meus fillos xa son maiores e son máis independentes, polo que o levo mellor pero aínda así non é sinxelo. Moita veces pensas que xa está todo feito é, por sorte, sempre queda algo por facer. Por exemplo, o San Roque foi terrible porque a pesar de ser o local

pequeno, cunha capacidade para 20-22 persoas, nas festas demos de cear a 150 nunha noite.

- **Nos últimos tempos aumentou moito a demanda do servizo de comida para levar?**

- **M.F.:** Si, de feito de cara ao inverno hai maior incremento porque está mal tempo para saír e prefires levalo xa preparado para a casa. Iso que hai xente que aínda non sabe que todo o que está na carta se pode preparar para levar. Para que te fagas unha idea, moitas veces está o local baleiro e estou atope preparando pedidos para levar.

- **Por que cres que é importante consumir na hostalería local?**

- **M.F.:** Porque somos xente traballadora que nos sacrificamos por sacar isto adiante, cústanos moito ser pequenos autónomos con todo o que implica iso. Nunha grande superficie é moito máis fácil. Ademais, isto é unha cadea porque a min consúmenme aquí, eu vou e merco na librería do lado, a da librería logo compra na tenda de roupa, etc.

- **É complicado atopar persoal para traballar?**

- **M.F.:** Cando empeza o movemento potente, o verán, é sempre complicado porque todos duplicamos ou triplicamos persoal. No meu caso tiven bastante sorte coa xente que tiven traballando.

- **Como valoras a situación actual do sector?**

- **M.F.:** Persoalmente non me podo queixar. Pero este traballo é como unha montaña rusa. Pasas momentos nos que está todo tranquilo e despois vén todo o forte de súpeto, non é nada lineal.

Jacarandá

**Rúa Otero Pedrayo, 12
Melide (A Coruña)**


Tif: 881 95 70 74



CAMPAÑA DE DETECCIÓN PRECOZ DE LA PÉRDIDA AUDITIVA

2023

**NUESTRA MISIÓN EMPRESARIAL ES HACER SU VIDA
MÁS SENCILLA CON UNA SOLUCIÓN BRILLANTE**



Se colocan totalmente dentro del oído, prácticamente invisible.

No solo es un excelente audífono, es una verdadera solución multifuncional.

- ✓ **Sonido claro y variado.**
- ✓ **Conexión a teléfonos inteligentes, TV y más**

✓ **Tecnología recargable** (olvídense de las pilas), se cargan rápidamente y ofrecen un día completo de audición.

✓ **Se activan automáticamente** al retirarse del cargador y se desactivan cuando se vuelven a colocar.

PRUÉBELOS ¡UN MES GRATIS! EN CASA

Y PÁGUELOS CÓMODAMENTE EN PLAZOS DE 3, 6, 12 Ó 36 MESES

Solicite **UNA CITA** en nuestro Centro Auditivo para realizarle un completo examen auditivo, **sin coste para usted**



E-15-001359

INSTITUTO DE LA SORDERA S.L.
Ronda da Coruña, 34
15800 Melide - A Coruña
Tel.: 981 50 72 87
648 75 47 61

Pedir hora

